

LINGUA GALEGA

1. Separa en sílabas e rodea a sílaba tónica da cor que máis che guste. **Eu subliñei a sílaba tónica.**

Carpeta	Teléfono	Mandil	Xamón
CAR- <u>PE</u> -TA	TE- <u>LÉ</u> -FO-NO	MAN- <u>DIL</u>	XA- <u>MÓN</u>
Camión	Fabricar	Galiña	Álbum
CA- <u>MIÓN</u>	FA-BRI- <u>CAR</u>	GA- <u>LI</u> -ÑA	<u>ÁL</u> -BUM

2. Clasifica as palabras da actividade anterior no grupo que corresponda:

Con acento gráfico: Teléfono, xamón, camión, álbum

Sen acento gráfico: carpeta, mandil, fabricar, galiña

3. Completa coa sílaba que falta e indica se é unha sílba tónica (t) ou átona (a)

Caderno A	xilófono T	caracol A	estoxo A
tartaruga T	bolígrafo A	fada T	rato T

4. Sigue os fíos e copia a sílaba tónica

RESPOSTA ACERTADA

5. Completa as oracións coa palabra axeitada de cada parella.

Calculo, secretaria, médico, contén

Olo, porque neste caso o acento gráfico nos avisa de onde vai a sílaba tónica en cada par de palabras.

CÁLculo/CalCULO SecreTARIA/secretarÍA Médico/medico conTÉN/CONten

NATURAIS

Estas respostas son aproximadas, non teñen que ser exactamente iguais ás túas. Xa sabes que cada un se expresa coas súas propias palabras.

Agora, con axuda de un adulto quero que fagades o seguinte experimento:

1. Collemos dous cubos de xeo do conxelador.
2. O primeiro deixámolo nun prato, a ver que acontece.
3. O segundo metémolo nunha pota ao lume.

Que ocorreu co cubo de xeo da pota? *Converteuse en auga líquida.*

Que ocorre se continuás quentando a auga? *Sae fume da pota e a auga comeza a burbullear.*

Sabes como se chama ese fume que sae da pota? *Vapor de auga.*

4. Agora que sae ese fume, colócalle a tapa á pota.

Que ocorre na tapa? *Fórmanse pequenas gotiñas de auga.*

5. Apaga o lume e deixa que arrefría.

Saberías dicirme agora que debemos facer para volver a converter a auga en xeo? *Debemos arrefrialo/ Debemos meter a auga no conxelador para que arrefría ou se conxele...*

Recordas o cubiño que tiñas no prato, que lle aconteceu? *Derreteuse pero máis lentamente que o que estaba dentro da pota.*

Sabes por que ocorre así? Canta máis temperatura ou calor lle deamos á auga mais rápido cambia de estado, porque é a calor a que fai que se produza o cambio.

2. Rodea a palabra correcta atendendo ao que observaches no experimento.

O paso de estado sólido a estado líquido na pota chámase fusión. O xeo, fúndese. Para iso necesitamos que o cubiño de xeo se *quente/arrefría.*

Se continuamos *quentando/arrefriando* a auga convértese en vapor de auga nun proceso chamado vaporización.

Cando colocamos a tapa á pota que está evaporando a auga aparecen unhas gotiñas de auga nun proceso chamado condensación. Isto ocorre porque a auga se *quenta/arrefría*.

Por último se queremos converter a auga líquida en cubiños de xeo debemos metela no conxelador para que *quente/arrefrie*.

SOCIAIS

1. Pinta de color vermello as que se refiren á cidade e de color verde as que se refiren á vilas ou aldeas.

Cidade: Localidade grande, edificios altos con moitas plantas, miles de habitantes, avenidas anchas e longas, para desprazarse dun extremo a outro da cidade fan falta medios de transporte público como o metro ou o autobús, os seus habitantes traballan en grandes industrias, centros comerciais e oficinas.

Vila: Rúas curtas e non moi anchas, poucos habitantes, localidade pequena, os seus habitantes traballan na agricultura, a gandería, ou en industrias e comercios pequenos, edificios con pouca altura, localidade dun tamaño intermedio entre a aldea e a cidade.

2. Escribe debaixo de cada debuxo cidade, vila ou aldea.

Vila, Cidade, Aldea, Cidade

4. Rodea de azul os servizos que hai na túa cidade e de laranxa os que hai no teu barrio.

Probablemente arrodeaches todos de azul, xa que Vigo ao ser unha cidade grande ten todos os servizos. Os laranxas dependerán da zona onde vives, corríxeo coa túa familia por se che esqueceu algún.

O debuxo seguro que o fixeches fenomenal! Podes enviarmo se queres!